



MULLERES TRANS REFERENTES PARA O 8 M

BIOGRAFÍAS 2026

Proxecto da asociación:



Levado a cabo por:

Cristina Palacios (xerente)

Prince Vidal Rodríguez (ilustración e deseño)



* Permítese a descarga e partilla deste documento, respectando os termos da licenza: citación de fontes, ausencia de lucro e partillas nas mesmas condicións.

SUXERENCIA METODOLÓXICA

Sempre enfocándonos en facer a tarefa dinámica, recomendamos imprimir os carteis en A3 e expoñelos polos corredores do centro, preferiblemente separados e en diferentes andares, en caso de habelos. Isto pode resultar especialmente enriquecedor á hora de facer os exercicios con grupos de primaria.

Na aula, repartiremos a cada estudante un cadernillo de actividades. Para as etapas de Infantil e Primaria, podemos facer unha breve lectura inicial. Logo, percorrерemos o centro buscando os carteis coa información que precisan para responder as cuestións, xa sexa todo o grupo/clase acompañada da persoa que o tutorice ou en pequenos grupos de 3-2 discentes.

Neste último caso, para que as parellas non coincidan no mesmo cartaz podedes darlle unha orde de actividades diferente a cada unha; que a 1ª parella empece pola pregunta 1, a 2ª parella pola pregunta 2, etc. Tamén existe a posibilidade de proxectar os carteis na clase.

Unha vez respondidas a todas as cuestións e voltado á aula, pódese facer unha posta en común de ditas respostas. Nos cursos de 4º a 6º de Primaria tamén se pode abrir un pequeno debate ou plantexar algunha cuestión sinxela como: cal destas mulleres che chamou máis a atención? Cal das profesións que viches che gusta máis? E a ti, que che gustaría ser de maior? Creando un espazo seguro que lles permita desenvolverse sen barreiras de xénero.

Cada biografía contén un enlace a un video que pretende ampliar a información sobre estas persoas e os temas a reflexionar. Pódese acceder a eles mediante **código QR ou clicando directamente no título a súa carón**. Están pensados principalmente para a etapa da ESO e Bacharelato, contendo a maioría curtas de Youtube que introducen facetas clave destas mulleres, compartindo a súa visión con respecto á representación (Abril Zamora) ou a perspectiva social na conservación natural (Brigitte Baptiste).

No caso de SOPHIE e Valentina Petrillo, as curtas son dous pequenos reportaxes sobre o súa repercusión na sociedade actual, e no caso de Haruna Ai, enlazouse o trailer en Español a súa película bibliográfica, un contido un pouco máis lixeiro pero que plasma os riscos que supoñía para as mulleres trans acceder a servizos moito máis accesibles para outros sectores da poboación.

Así, seguindo as carreiras e motivacións destas mulleres, nesta edición invítase a tratar temas como o tipo de representación que se lles da aos colectivos na ficción e a necesidade de ter referentes positivos, así como os dereitos humanos e da garantía que teñen de recibilos certos colectivos minorizados, avogando por un feminismo interseccional.

+ 5 BIOGRAFÍAS ILUSTRADAS



1. BRIGITTE BAPTISTE
2. ABRIL ZAMORA
3. SOPHIE
4. HARUNA AI
5. VALENTINA PETRILLO

Brigitte Baptiste

« A verdadeira revolución ambiental comeza empoderando aos de abaixo. »

Brigitte Baptiste, nada en 1963, é unha bióloga e ecoloxista pioneira colombiana, coñecida polas súas contribucións no referente á biodiversidade e ao desenvolvemento sostible. O seu papel fundamental na conservación dos ecosistemas colombianos e na defensa dos dereitos LGBTIQ+ convertíronna nun símbolo de resiliencia e progreso tanto no ámbito científico como no social.

Dende pequena inspirouna a riqueza dos ecosistemas tropicais do seu país e especializouse neste ámbito da bioloxía. Foi 10 anos directora recoñecida do Instituto de Investigación de Recursos Biológicos Alexander von Humboldt e actualmente é rectora na universidade EAN, onde educa a futuros líderes no seu campo. Tamén destaca a súa labor como divulgadora, achegando conceptos complexos de ecoloxía á cidadanía.

Fascinada polas relacións intrincadas que hai entre tódalas criaturas que conforman un ecosistema, Brigitte advoca por unha visión holística e sinala a interdependencia entre as comunidades humanas e o entorno natural no que viven. Defende que para atopar solucións efectivas a problemas ambientais é crucial ter unha perspectiva social, promovendo a ecoloxía queer e a inclusión de voces marxinalizadas na toma de decisións.



Video da canle de Youtube

“TEDx Talks” - 8:20 min

“Nada más queer que la
naturaleza (...)”



PRINCE

Abril Zamora

« Integración tamén é meter a persoas LGBT en historias que non se centren no LGBT. »

Abril Zamora Peláez, nada en 1981, é unha figura pública, actriz, escritora, dobradora, guionista e directora española que gañou fama tras interpretar a Luna na serie de televisión *Vis a Vis*. A súa longa traxectoria en cine, televisión e teatro inclúe a creación de series como “Todo lo otro” ou “Señoras del (h)AMPA”, a guionización de capítulos de “Élite” ou a doblaxe en series como “El juego del calamar”.

Abril comezou a actuar na adolescencia. Cofundou a compañía teatral Oscura Teatre e tivo pequenos papeis en series como “Hospital central” (2009) ou “La que se avecina” (2014). En abril de 2017 comezou a súa transición e, por esta época, ofrécenlle o papel de Luna en *Vis a Vis*. Destaca tamén o seu traballo como profesora de interpretación en *Operación Triunfo 2023*, programa ao que volvería a unirse en 2025.

Orgullosa do seu pasado, emprega a súa influencia para visibilizar as dificultades das mulleres e da xente queer dentro da industria, celebrando os pequenos avances a pesar de todo. Defende que a través da ficción conseguimos modificar o comportamento das persoas con respecto ao colectivo e valora o seu papel como referente para pais e nais de rapazada “trans”, que ven nela un futuro positivo para as súas crianzas.



Curta da canle de Youtube

“ItsMalbert” - 0:58 min

“Abril Zamora ella es
todoterreno.”



Sophie

« Ser trans é alinear o teu corpo ca túa alma e espírito para que deixen de estar en conflito. »

Sophie Xeon, nada en 1986 e máis coñecida como SOPHIE, foi unha productora, compositora e DJ escocesa, pioneira recoñecida do subxénero da música sintética e electrónica *hyperpop* tan característico da época do 2010. O seu estilo musical distintivo e experimental marcou a artistas como Charlie XCX, axudando ademais a producir e compoñer cancións doutras cantantes como Madonna e Kim Petras.

Dende que tiña nove anos, SOPHIE escribiu as súas propias cancións e seguiu compoñendo toda a súa adolescencia ate iniciar a súa carreira musical no 2008 ca banda Motherland. En 2013 deuse a coñecer co seu single “Bipp” e o seu primeiro álbum “Oil of Every Peal’s Un-Insides” (2018) valeulle unha nominación ao Premio Grammy a Mellor Álbum Dance/de Música Electrónica.

SOPHIE sempre reivindicou o papel da muller na industria musical, onde casi non existen productoras, sendo tamén unha das voces visibles da comunidade trans na mesma. Morreu por accidente en 2021, a piques de rematar o seu segundo álbum, que foi completado polo seu irmán e publicado en 2024. O seu legado inclúe múltiples traballos dedicatorios de artistas que recoñecen a influencia de SOPHIE nas súas carreiras.



[Curta da canle de Youtube](#)
[“Central Sonora” - 0:58 min](#)

[“ ¿Cómo sería la escena musical de hoy si SOPHIE estuviese viva? ”](#)



PRINCE

Haruna Ai

*« Non só cambiaron os meus sentimentos,
tamén cambiaron os das persoas que me rodeaban. »*

Ai Haruna, nada en 1972, é unha cantante, actriz e figura televisiva trans xaponesa, gañadora do concurso de beleza Miss International Queen (Tailandia) en 2009. En 1995, Ai someteuse a unha ciruxía de afirmación de xénero nun país conservador, nunha etapa onde a información e o apoio escaseaban e sen ter cambiado sequera o seu nome legalmente; un acto riscoso pero representativo dentro da comunidade trans.

Ai soñou dende pequena en converterse nunha pop idol, pero sufriu unha infancia dura onde a súa clara expresión de xénero foi recibida ca dureza da súa familia, acoso na escola e rexeitamento no mundo do entretemento, xa duro de por sí. Finalmente, Ai atopou a súa comunidade nos cabarets en Osaka, onde traballou moitos anos antes de triunfar.

De marxinada social a un éxito de masas, a súa historia recolleuse na película biográfica *“This is I”* (Netflix, 2026), que pon o foco en como a valentía dunha persoa que loita por ser sí mesma pode transformar as perspectivas do seu entorno. En Xapón, onde as leis para cambiar o sexo rexistral esixían ate fai poucos meses requisitos en conflito con dereitos humanos, como a esterilización e a ciruxía xenital obrigatorios, Ai Haruna foi unha de moitas referentes que cambiarían perspectivas neste país.



Video da canle de Youtube

“Trailer Ñ” - 1:54 min

“ AHI ESTOY YO I

TRAILER ESPAÑOL (...)”



Valentina Petrillo

« Para min esto non vai de ser trans, senón de formar parte do deporte que amo. »

Valentina Petrillo, nada en 1973, é unha atleta paralímpica italiana que compite nos 100, 200 e 400 m da categoría T12 para persoas con discapacidade visual, sendo un referente como primeira muller trans en participar nos xogos paralímpicos (París 2024), quedando segunda na súa serie eliminatoria.

Petrillo comezou a practicar atletismo dende xoven ate que perdeu a vista con 14 anos, diagnosticada ca enfermidade de Stargardt. Con 41 anos, antes de transicionar, volveu ao atletismo, competiu na categoría masculina en carreiras por toda Italia e gañou 12 títulos nacionais. Marcada dende que era pequena pola súa prima, tamén trans, aos que seus pais votaron da casa tras enterarse da súa identidade, Petrillo non transicionou ate 2019, cansada de agochalo e co apoio da súa agora ex-muller.

Consciente da polémica, do que ela simboliza e do debate que desperta, Petrillo pretende mandar unha mensaxe de apoio e esperanza a outras persoas trans coa súa participación, expresando cómo Paris é a culminación dun soño que tivo desde nena ao que agradece poder chegar coa súa ex-muller e o seu fillo ao seu lado.



Video da canle de Youtube
“CulturaColectiva186” - 0:55 min

“Valentina Petrillo, la primera
atleta trans en competir en los
Juegos Paralímpicos (...)”



PRINCE